



CONCELLO DE LAXE
AV. CESÁRO PONDAL, 26 15117 LAXE (A CORUÑA)
TF.: 981706903 | FAX.: 981728025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista provisional de admitidos/excluídos para a contratación de 2 informadores turísticos para a Oficina Municipal de Turismo do Concello de Laxe por un período de 2,5 meses, designación do tribunal cualificador, data e hora do inicio do proceso selectivo.

Núm. Admvo. Expte: 2022/E001/000002

Expte. Decreto Núm: 2022/G003/000413

Por resolución da alcaldía núm. 357/2022 de 16 de xuño de 2022 aprobáronse as Bases de contratación de 2 informadores turísticos para a Oficina Municipal de Turismo de Laxe ao abeiro do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2022.

Con data de 23/06/2022 publicouse anuncio desta convocatoria no BOP da Coruña núm. 119 establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de cinco días hábiles a partir da publicación do dito anuncio.

Rematado o prazo de presentación de instancias para participar neste proceso selectivo, á vista das solicitudes presentadas polos aspirantes e tal e como establece a dita convocatoria na base sexta,

Pola presente, esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar, de acordo coa base sexta da convocatoria para a contratación de dous informadores turísticos para a Oficina Municipal de Turismo do Concello de Laxe 2022, a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria (anexo I).



CONCELLO DE LAXE
AV. CESÁRO PONDAL, 26 15117 LAXE (A CORUÑA)
TF.: 981706903 | FAX.: 981728025

Como anexo II inclúese a listaxe de aspirantes excluídos, e tamén aqueles aspirantes que non acreditan o coñecemento do idioma galego.

De conformidade coa base sexta, a lista provisional de admitidos/excluídos elevarase a definitiva no caso de non haber aspirantes excluídos/as.

SEGUNDO. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base sétima que estará composto polos membros seguintes:

- Presidente: Isabel M^a Castro Añón, administrativa de contabilidade deste concello.
Suplente: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello.
- Vogais:
 - 1. Alejandra Castro Añón, administrativa de contabilidade deste concello.
Suplente: Julio Torreira López, coordinador-monitor deportivo deste concello
 - 2. Alfredo Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello.
Suplente: José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello.
 - 3. José Antonio Esmorís Gómez, bibliotecario-arquiveiro deste concello.
Suplente: M^a Dolores Antelo Collazo, coordinadora dos servizos sociais deste concello.
- Secretaria: Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa de contabilidade deste concello.
Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello.

TERCEIRO. Convocar ao tribunal cualificador para o venres 8 de xullo de 2022, ás 12:30 horas na sala de sesións do Concello de Laxe.

CUARTO. Convocar aos aspirantes admitidos/as para a realización da proba da fase de oposición para o venres, 8 de xullo de 2022, ás 13:00 h da mañá, na Sala de sesións do Concello de Laxe, para o que serán convocados tódalas persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio.



CONCELLO DE LAXE
AV. CESÁRO PONDAL, 26 15117 LAXE (A CORUÑA)
TF.: 981706903 | FAX.: 981728025

QUINTO. Que as aspirantes quedan exentas da realización da proba de coñecemento de galego ao acreditaren estar en posesión do título de Celga 4 ou equivalente.

SEXTO. Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Laxe.

Mándao e asíno en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria-interventora

José Luís Pérez Añón

Begoña Carrasco García

ANEXO I:

LISTAXE DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 2 INFORMADORES TURÍSTICOS PARA A OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO DE LAXE 2022, QUE PRESENTARON A DOCUMENTACIÓN EN TEMPO E FORMA:

1. LEMA VIDAL, M^a JOSÉ.
2. VEIRAS BARREIRO, CRISTINA.

ANEXO II:

LISTAXE DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 2 INFORMADORES TURÍSTICOS PARA A OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO DE LAXE 2022:

NINGÚN.